

LEI DE ENSINANZAS ARTÍSTICAS: A CIG-Ensino reconece avances mais considéraos insuficientes



O texto da nova Lei de ensinanzas artísticas superiores que veu a luz verde no Congreso mellora algúns aspectos relacionados coas competencias das comunidades autónomas e cos requisitos de integración nos novos corpos docentes que a Lei crea. Con todo queda moi lonxe das demandas que a CIG-Ensino defendeu na única reunión da Mesa Docente estatal e que trasladou, na fase de presentación de emendas na comisión de Educación do Congreso.

Preocupación polo futuro das Escolas de Artes e Superiores de Deseño

Un dos temas máis controvertidos do texto aprobado no Congreso e que o Goberno se negou a pactar é a decisión de que as administracións educativas “*promoverán a progresiva especialización destes centros entre as ensinanzas superiores e as profesionais*”, algo que dada a realidade dos catro centros galegos (**EASD Pablo Picasso da Coruña, EASD Mestre Mateo de Compostela, EASD Ramón Falcón de Lugo e EASD Antonio Faílde de Ourense**) non ten ningún sentido. A CIG-Ensino propuxo que esta decisión quedase nas mans das comunidades autónomas permitindo, por tanto, que se poida **manter a simultaneidade dos estudos** se non existe outra alternativa viábel.

O sindicato, se o texto final non ten ningún cambio tras a tramitación no Senado, **instará á Consellaría de Educación a manter ambas ensinanzas, profesionais e superiores, mentres non existan garantías absolutas de que non se vai ver afectada a oferta actual.**

Non estamos, desde a perspectiva da CIG-Ensino diante dunha cuestión sobre se é mellor ou peor que haxa separación en distintos centros ou simultaneidade, senón de **manter, como mínimo, a oferta actual, tanto no total de ensinanzas como na súa distribución territorial.**



A nova estrutura de corpos docentes, unha nova mostra de falta de compromiso e implicación co profesorado por parte do Ministerio

Os problemas causados coa tramitación da Lei de FP e os cambios de corpos docentes derivados dela non serviron para que o Ministerio rectificase na súa decisión de impoñer procesos de integración pechados e limitados. Se ben é verdade que na tramitación parlamentaria melloraron algunhas cuestións, o certo é que se manteñen algunhas decisións que a CIG-Ensinosa considera negativas (**a oposición a manter un proceso de integración con carácter indefinido no corpo de mestres/as de taller**), preocupantes (**as novas atribucións para as direccións propoñeren a contratación de profesorado especialista ou visitante e designar directamente docentes eméritos**), e de futuro incerto (**a esixencia da titulación de doutoramento para o corpo de cátedras de ensinanzas artísticas superiores polo reducido número de docentes que pode cumprir un requisito que non ten precedente nos corpos docentes**).

Por último, e no que se refire a prazos, todo queda pendente dun **posterior desenvolvemento da Lei, sen fixar data de entrada en vigor** dos seus efectos máis importantes. Tras o paso polo Senado, a Lei está previsto que se aprobe definitivamente antes de rematar o actual curso. Con detalle, esta é valoración que a CIG-Ensinosa fai dos cambios introducidos na nova lei, na que sen deixar de recoñecer pequenos cambios en positivo, critica tanto as formas (ausencia de negociación real no ámbito sindical, cunha única reunión negociadora) como no fondo.

A posición da CIG-Ensinosa sobre os temas fundamentais da lei

- Hai cambios que melloran substancialmente o texto do proxecto de lei (ámbito competencial, condicións de integración nos novos corpos, equivalencia das ensinanzas superiores cos estudos universitarios e dos dereitos do seu estudiantado...) mais hai cuestións que, tanto **desde a realidade do profesorado galego como dos centros que imparten estudos superiores**, fan que a lei manteña erros importantes.
- A ordenación do profesorado debería tender a unha estrutura simple e de progresión horizontal. **Crear novos corpos non é a solución** senón que, tal e como se formula, pode ser unha nova fonte de problemas.
- **A creación dun corpo de cátedras** para impartir docencia nos estudos profesionais vai implicar unha mellora retributiva importante mais **limitada a pouco profesorado**, como acontece nos IES ou EOI (máximo dun 30%). O lóxico sería unha **carreira profesional que permitira chegar ao máximo nivel a todo o profesorado** ao longo da súa vida laboral.
- A esixencia dunha titulación de doutoramento a quen xa forma parte do corpo de cátedras non ten sentido, máxime cando se recoñecen os mesmos dereitos a quen non se integre.
- De cara ao futuro, **o requisito de doutoramento** pode reducir dun xeito importante a **posibilidade de acceso ao**

corpo de cátedras por oposición desde o corpo de profesorado.

- Tendo en conta que existirán as mesmas especialidades no corpo de cátedras e no de profesorado seguramente as listaxes actuais de persoal interino de cátedras nos CMUS superiores (únicas listaxes de interinidades neste corpo) pasarán ao corpo de profesorado (único polo que se pode ingresar).
- **A integración nos novos corpos**, para a CIG-Ensinosa, **debería ser automática e sen novas exixencias**, sen deixar ningún atrás.
- Aínda que se atendeu parcialmente a nosa **demanda de facilitar a integración no corpo de profesorado de ensinanzas artísticas superiores** (a proposta inicial era que se tivese traballado nos últimos cinco anos e agora fíxase cinco cursos, con independencia de cando fosen) aínda queda **lonxe da nosa proposta de non superar os dous anos de exixencia**.
- **Opuxémonos á limitación temporal para que as mestras e mestres de taller poidan acadar a titulación de Grao** para se integren no corpo de profesorado de estudos artísticos profesionais ou a que non se regulase o dereito ao cobro dun complemento de equiparación: repítese o erro cometido co profesorado do corpo de PTFP: a CIG-Ensinosa defendeu un prazo indefinido e o dereito a licenzas por estudo

para poder obter a titulación requirida.

- **O acceso a calquera posto de traballo no sector público** debe fundamentarse en convocatorias nas que prime a **igualdade, o mérito e a capacidade**, baixo o control sindical e a negociación nas mesas respectivas, e o papel que se lle dá ás direccións dos centros para propoñer nomeamentos de **profesorado especialista ou visitante** pode romper con eses principios.
- Amosámonos contrarias á figura de **profesorado visitante**: é unha porta aberta a traer profesorado durante un ou dous cursos, cun contrato laboral, reducindo a carga lectiva de profesorado do centro, o que podería implicar

a **perda de postos de traballo**.

- Non estamos de acordo coa figura de **profesorado emérito para docentes xubilados/as** polo mesmo motivo da súa repercusión na **perda de postos de traballo** e porque consideramos que a posibilidade de prolongar a vida laboral até os 70 anos xa é excesiva.
- Na **elección da dirección** dos centros debería regularse a **presenza mínima que terá o profesorado na comisión de selección**, que debe ser **maioritaria**. No texto só se garante a maioría da comunidade educativa.
- Consideramos **un erro** a pretensión de que se **promova que os centros que imparten**

simultaneamente ensinanzas artísticas superiores e profesionais (en Galiza todas as EASD) **tendan a especializarse** nunhas ou outras ensinanzas.

- Debe **garantirse tanto a impartición de títulos de Grao como de ciclos formativos**. Só no caso de que existise unha alternativa clara e con futuro para as titulacións profesionais podería ter sentido esa especialización.
- O **calendario de aplicación** de todos os cambios **queda sen concreción**. Será o Goberno estatal, unha vez consultadas as CCAA, o que aprobe un **Real Decreto co regulamento de integración nos novos corpos**, sen fixar datas concretas para que sexa efectiva.



Como afectan os cambios nos corpos docentes?

Corpos actuais	Novos corpos: integración ou situación a extinguir
<p>Cátedras de música e artes escénicas</p> <p>Cátedras de artes plásticas e deseño</p>	<p>Exixencia de titulación de doutoramento para o novo corpo de cátedras de ensinanza artística superior.</p> <p>Prazo de 10 anos desde a entrada en vigor da lei (até o curso 2033/34) para obter a titulación e poder integrarse quen xa forma parte dos actuais corpos de cátedras.</p> <p>Quen non teña esa titulación quedará para extinguir no corpo de cátedras actual, con plena equiparación co novo corpo.</p> <p>Todo o que teña que ver cos novos corpos deberá regularse nun Real Decreto a nivel de Estado e coa conseguinte normativa posterior a nivel galego.</p> <p>Para acceder a cátedras será requisito formar parte do corpo de profesorado de ensinanza artística superior polo que a única vía será a promoción interna.</p>
<p>Profesorado de música e artes escénicas que impartiran ou estean a impartir docencia en ensinanza artística superior</p>	<p>Poderá integrarse no novo corpo de profesorado de ensinanza artística superior quen acredite unha experiencia docente nesas ensinanza de 5 cursos con anterioridade á entrada en vigor da lei.</p> <p>Quen teña destino definitivo ou provisional nun destes centros disporá dun prazo de 4 cursos máis para acreditar esa experiencia e poder integrarse no novo corpo.</p> <p>Unha vez que estea regulado esixirase o Mestrado de especialización en investigación e didáctica en ensinanza artística para novos ingresos neste corpo.</p> <p>Quen non se integre quedará para extinguir no corpo de procedencia.</p>
<p>Profesorado actual que imparte docencia en ensinanza profesional</p>	<p>Poderá solicitar a integración no novo corpo equivalente sen ningún outro requisito.</p>
<p>Mestras e mestres de taller de artes plásticas e deseño</p>	<p>Só se permite que se integre no corpo de Profesorado de ensinanza artística profesional quen teña titulación de Grao ou equivalente a efectos de docencia. Dáse un prazo de cinco cursos para que, desde a entrada en vigor do regulamento posterior á lei, se convoquen estes procesos de integración (até 2029)</p> <p>Non se declara para extinguir o corpo actual, que mantén as actuais atribucións docentes.</p>

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal